



ACTA DO CONSELLO DE GOBERNO DO 20 DE DECEMBRO DE 2017

Logo de comprobar a existencia de quórum, ás 09:39 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico, don Julio Abalde Alonso, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**

Escusan a súa ausencia os membros que a seguir se relacionan: Xurxo Dopico Calvo, Pedro Gil Manso, María José Martín Santamaría, Armando J. Yáñez Casal, María Eugenia Caruncho Gil e Adriana I. Ávila Álvarez.

1. Informe do reitor

Comeza informando da incorporación ao Consello de Goberno de **Pedro Gil Manso** en substitución de **Laura Milagros Castro Souto** como representante do sector de restantes categorías do PDI do Claustro e de **Alfonso Castro Martínez** en substitución de **María Luisa Sánchez Simón**, como representante da Mesa e do Comité de Empresa do PDI. Agradece o traballo das saíntes e dálles a benvida aos entrantes.

Deu conta a seguir do pleno do Consello Galego de Universidades que tivo lugar o día 18/12/2017 en que someteu a informe dese órgano o Plan de titulacións e o Plan de excelencia que a Consellaría prevé desenvolver nos próximos anos, sendo polo de agora unha mera declaración de intencións. Informouse tamén da modificación do PFSUG e da súa incorporación aos orzamentos da CAG para 2018, ben como a creación do Consorcio Interuniversitario e das modificacións nas probas de acceso á universidade (ABAU 2018) co fin de que tanto a primeira como a segunda convocatoria se realicen nos meses de xuño e xullo para termos no mes de setembro todos os estudantes incorporados aos centros. Informáronse positivamente todas as titulacións da UDC pendentes de verificación agás a de Enxeñaría Informática, así como o cambio de denominación do Mestrado Universitario en Náutica e Transporte Marítimo, unha vez eliminado –en execución dunha resolución xudicial– o termo «enxeñaría».

A continuación pasaron a informar as vicerreitoras e vicerreitores:

A vicerreitora de **Estudantes, Participación e Extensión Universitaria, Margarita Amor López** informou dos seguintes asuntos:

- Da publicación da listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas das bolsas de renovación e nova adxudicación para estudantes de mestrados universitarios oficias na UDC.
- De que na reunión da CRUE-Asuntos Estudiantís, realizada en Madrid o 4 de decembro, se discutiron, entre outros temas, o borrador da normativa do Ministerio sobre a ABAU de 2018 que estaba ata o 11 de decembro en información pública. Outro asunto que se tratou foi unha proposición de lei, presentada no Congreso, de prácticas académicas externas, en que se propuxo, entre outros puntos, a eliminación das prácticas extracurriculares. A Mesa do Congreso acordou remitirla á comisión competente, neste caso a Comisión de



Educación e Deporte e a apertura do prazo de presentación de emendas, prazo que se estableceu do 11 ao 29 de decembro. No Grupo de Traballo de Emprego da CRUE e o Comité Executivo da CRUE Asuntos Estudiantís, traballouse de forma urxente sobre un documento borrador de emendas ao texto, co obxecto de cumprir cos prazos establecidos e poder trasladalas aos diferentes partidos políticos e facer as xestións oportunas previas á finalización do citado prazo.

- Informou tamén de que a Unidade de Divulgación Científica e Cultural da Universidade da Coruña (UDCC-UDC), en colaboración coa Deputación da Coruña e os Museos Científicos Coruñeses, organizou UDCiencia 2017, unha xornada de obradoiros científicos e tecnolóxicos para descubrir e aprender ciencia participando en diversos experimentos e xogos, e que contou coas explicacións de profesorado, persoal investigador e estudantes de graos e mestrados da UDC. As actividades de UDCiencia 2017 desenvolvéronse o sábado 16 de decembro na Domus.
- Finalmente, informou de que o Coro da UDC celebrará os tradicionais Concertos de Nadal o día 20 de decembro a partir das 20.00 h na Parroquia Nosa Sra. das Angustias, situada no campus de Esteiro; e o venres 22 de decembro ás 18:00 h no Albergue Padre Rubinos.

En ausencia da vicerreitora de **Oferta Académica e Innovación Docente**, **Nancy Vázquez**, o reitor informou dos seguintes asuntos:

- Sobre a VI Convocatoria do programa Docencia, hai que informar de que esta semana se lle enviará a cada profesor/a a resolución sobre a súa actividade docente.
- Como xa se anunciara no anterior Consello de Goberno, o pasado mércores 13 de decembro tivo lugar na Reitoría una reunión cos coordinadores dos Grupos de Investigación Educativa (GIEs) co obxectivo de coñecer de primeira man cales eran as súas demandas formativas, de resolver as dúbidas que puidesen xurdir sobre calquera aspecto relacionado coa convocatoria dos Grupos de Innovación Educativa e, en definitiva, de intercambiar impresións, ideas ou suxestións que nos poidan levar a unha mellora no desenvolvemento deste proxecto. Non vou facer aquí un resumo da reunión, xa que o día 15 se lles remitiu a todos os coordinadores dos GIEs unha acta desta.

Simplemente quería salientar dúas cuestións que me parecen de interese. Por un lado, informar de que se acordou que durante o mes de xaneiro o profesorado poderá remitir ao CUFIE as distintas propostas formativas que teñan vinculadas aos obxectivos que se pretendan acadar no GIE, que intentaremos satisfacer na medida do posible. Por outro, indicar que nesa reunión tamén se informou de que a UDC vén de asinar un convenio de colaboración coa plataforma MiríadaX e está a piques de publicarse a I Convocatoria para a elaboración de MOOCs (Massive Open Online Courses) da UDC, en que terán prioridade as propostas de membros dos GIE. Aínda que a nosa intención era sometela á aprobación deste Consello de Goberno, finalmente non deu tempo a acabar de resolver algunhas cuestións que xurdiron tras a revisión feita por Asesoría Xurídica. Non obstante, contamos con ter o texto rematado esta semana ou a seguinte e

remitírllelo aos coordinadores dos GIEs para que teñan de antemán máis información sobre esta convocatoria por se se quere ir avanzando nalgunha proposta e, ademais, coa intención de que nos acheguen posibles suxestións ou comentarios sobre o texto da convocatoria, para poder nós estudar a súa viabilidade antes de ser aprobada a convocatoria no Consello de Goberno de xaneiro.

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente, Alberto Valderruten Vidal, deu conta dos seguintes asuntos:

1. O 25/11/2017 A ANECA/CNEAI remitiu un documento cun sexenio concedido por estimación dun recurso ao profesorado dos corpos docentes (período avaliado de 1998 a 2003 e con efectos económicos de 2009), e coa avaliación do profesorado contratado permanente, en que se inclúe un informe desfavorable, e para os recursos presentados un informe favorable, dous informes desfavorables e a desestimación por parte dos interesados de tres avaliacións.
2. O 29/11/2017 autorízase a integración dun profesor de INEF no corpo TIT-UN unha vez acadou a acreditación a este corpo, segundo o establecido na disposición adicional 2ª da Lei orgánica 4/2007. Área de Coñecemento de Educación Física e Deportiva.
3. O 04/12/2017 autorizouse o cambio de dedicación de P03 a P06 dun profesor asociado seguindo o procedemento de urxencia debido á renuncia dun profesor da Área de Coñecemento de Economía Financeira e Contabilidade durante o curso 2017/2018.
4. O 04/12/2017 autorizouse a contratación por lista de agarda dun profesor ou profesora contratado interino de substitución na Área de Fisioterapia do Departamento de Ciencias Biomédicas, Medicina e Fisioterapia ao producirse a baixa por maternidade dunha titular de EU e renunciar a persoa que a estaba substituindo. A substitución será ata o 28/02/2018.
5. O 07/12/2017 recíbese a autorización do director xeral de Planificación e Orzamentos da Xunta de Galicia sobre a oferta de emprego público complementaria do PDI do ano 2017. A data da publicación desta oferta de emprego público no DOG é de hoxe mesmo.

Para a súa execución, o 18 de decembro, publicouse no taboleiro electrónico a convocatoria da selección das áreas de coñecemento onde se convocan as prazas de PDI da dita OEP. O prazo de presentación das solicitudes remata o 29/12/2017.

6. O 14/12/2017 a COAP autoriza a venia docente a un profesor da EU Relacións Laborais, solicitude informada favorablemente polo departamento de Dereito Público da UDC.
7. O 16/12/2017 publicouse no BOE a Convocatoria pola que se fixa o procedemento e o prazo de presentación de solicitudes de avaliación da actividade investigadora á Comisión Nacional Avaliadora da Actividade



Investigadora (CNEAI) do ano 2017 do PDI funcionario. En breve publicarase a convocatoria da UDC correspondente ao PDI laboral.

O vicerreitor de **Economía , Infraestruturas e Sustentabilidade, Domingo Calvo Dopico** informa dos seguintes asuntos:

Imputacións e validacións

Imputacións: (informado na **Comisión de Asuntos Económicos do 13/12/2017**)

- Informe **V-019-17** do **11/12/2017** por importe de **653,40€**
- **Total imputado: 653,40€**

Validacións:

- Informe **C-017-17** do **1/12/2017** por importe de **132 699,80 €(CAE 13.12.17)**
- Informe **C-018-17** do **11/12/2017** por importe de **78 025,00 €(CAE 13.12.17)**
- Informe **C-019-17** do **18/12/2017** por importe de **30 039,44 €(CAE 19.12.17)**
- **Total validado: 240 764,24 €**

Presentación dos orzamentos de 2018

- A UDC presenta para o ano 2018 un orzamento de 123 294 723,03 € o que supón un incremento porcentual dun 3,22 %.
- O gasto corrente previsto no capítulo I aumenta un 2,11 %. O total ascende a 92,201 millóns de euros o que supón case un 74,78 % do gasto total.
- Existe un incremento dos gastos correntes (7,56 %) motivado polo incremento en partidas como mantementos de equipos de investigación e informáticos, xardinaría, actividades culturais e deportivas, axudas en bono-bus, seguridade etc. O total ascende a 15,58 millóns de euros, o que supón un peso do 12,64 %.
- No apartado de investimentos reais existe unha redución neste capítulo (9,78 %) se ben é posible que se poida incrementar posto que existen convenios que rematan (ex. Campus Industrial) que se poderían renovar ao longo de 2018.
- As transferencias correntes ascenden a 4,601 millóns de euros, o que representa un 3,73 % cun incremento do 66,54 %. Parte dese incremento vén derivado da contabilización do gasto da contribución que esta entidade fai ao consorcio de bibliotecas fronte á anterior clasificación que era do capítulo VI. Estes cambios de partida ou denominación obedecen a cambios realizados polo grupo de traballo de xestión orzamentaria e están fundamentados na normativa vixente que regula a clasificación económica das diferentes partidas orzamentarias.
- O fondo de continxencia (0,35 millóns) increméntase en 0,1 millóns de euros. Os gastos financeiros (0,033 millóns de euros) tamén se reducen e os pasivos financeiros permanecen constantes (0,55 millóns de euros).



- Os ingresos por taxas, prezos públicos e outros ingresos incrementáanse un 1,9 % até chegar aos 16,664 millóns de euros. Este lixeiro incremento vén derivado principalmente do incremento en ingresos diversos e doutros ingresos procedentes de prestación de servizos (alugueiros, custos indirectos e facturación por prestación de servizos de investigación).
- As transferencias correntes incrementáanse fundamentalmente pola mellora do financiamento estrutural, especialmente polo custo estándar, que pasa de 66,38 millóns de euros a 70,14M€ no ano 2018.
- Como xa se explicou anteriormente, hai unha redución en investimentos por capital (12,36 %), se ben existe a posibilidade de renovar convenios en investimentos reais como o Campus Industrial e o da Coruña.
- No escenario actual intentarase incrementar tanto o autofinanciamento, principalmente pola vía dos custos indirectos e outros ingresos, como pola vía do patrocinio, subvencións e mecenado.

De seguido, a vicerreitora do **Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, Araceli Torres Miño** informou dos seguintes asuntos:

O día 1 de decembro, a Facultade de Ciencias da Educación acolleu unha Xornada sobre Deporte, Ocio e Turismo na Diversidade Funcional, organizada conxuntamente pola Unidade de Atención á Diversidade da UDC e a Fundación Abrente.

Na xornada dirixida á comunidade universitaria e ao público xeral, participaron diferentes colectivos que traballan no ámbito da diversidade e serviu para presentar e intercambiar experiencias exitosas neste campo.

O día 29 de novembro, o reitor inaugurou no Salón de Actos do Campus de Ferrol o primeiro Simposio Internacional en Tecnoloxías Industriais da Moda

Este simposio contou coa participación de investigadores da UDC, deseñadores, representantes do Clúster Têxtil e de empresas do sector e tiña como principal obxectivo dar a coñecer o potencial tecnolóxico do campus e detectar as tendencias e necesidades do sector en relación co novo Grao en Xestión Industrial da Moda que se implantará o vindeiro curso no campus ferrolán.

A Oficina para a Igualdade de Xénero publicou a segunda convocatoria do 5º Certame Fotográfico Rosalind Franklin: As Mulleres na Ciencia e na Tecnoloxía, en que pode participar toda a comunidade universitaria.

Por medio deste concurso, e como se vén facendo con moitas das actividades da Oficina, trátase de visibilizar o traballo que desenvolven as mulleres na ciencia e na tecnoloxía tratando de deconstruír os estereotipos de xénero acerca dos traballos que tradicionalmente desenvolven as mulleres e os homes.



O prazo para entregar os orixinais remata o 20 de febreiro.

O día 12 de decembro no campus de Ferrol tivo lugar unha nova sesión dos encontros profesionais con titulados do campus. Nesta ocasión participou Begoña Paz directora de RRHH da Empresa Gabadi e titulada da Facultade de Ciencias do Traballo.

2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 28/11/2017

Apróbase, sen votos en contra, coa introdución das correccións indicadas polo profesor **Vázquez Cendón** e a profesora Fernanda **Miguélez**.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo III**, que nesta ocasión son 6 convenios marco (6), cinco convenios específicos (5) e vinte e cinco convenios para prácticas (25) e que son aprobados sen votos en contra.

4. Proposta de premios extraordinarios de fin de carreira 2016/17

Presentada a proposta polo **reitor**, e logo de lembrar que se entregarán o Día da Universidade, foi aprobada por unanimidade segundo figura no **anexo IV**.

5. Aprobación, se proceder, da Declaración institucional de apoio á participación do estudiantado no Consello Galego de Universidades

Presentada a proposta polo **reitor**, o manifesto solicita que se modifique a composición do Consello Galego de Universidades co fin de que este conte cunha representación do estudiantado.

Foi aprobada sen votos en contra, segundo figura no **anexo V**.

6. Aprobación, se proceder, dos anteproxectos de Orzamento e do Plan Operativo Anual (POA) para o exercicio 2018

O **vice-reitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade** presenta a proposta e indica que esta conta co parecer favorable das comisións de Asuntos Económicos do Consello de Goberno e do Consello Social.

Toma a palabra **Miguel Muñoz Cantero** para lle dar os parabéns ao vice-reitor.

A seguir, **José Manuel Sánchez Santos** tamén dá os parabéns mais critica a linguaxe empregada polo vice-reitor que, ao seu ver, foi excesivamente optimista. Continúa indicando a existencia dun problema de suficiencia, non atribuíble ao equipo de goberno, que obriga a un exercicio de realismo diante dun orzamento precario xa que o 90 % se dedica a persoal de gasto corrente. En consecuencia, marxe de manobra exigua e autonomía escasa. En conclusión, móstrase menos optimista que o vice-reitor e aconsella non caer na bipolaridade –do vitimismo ao

optimismo— nin botarlles todas as culpas aos de fóra. Remata reiterando os parabéns.

Nuria Vieira, en representación do PAS, tamén lle dá os parabéns ao vicerreitor e saúda o incremento das transferencias correntes ao estudiantado mais critica un aspecto concreto do capítulo I, do que culpa á política da Xunta: por un lado elimínanse as taxas de reposición, mais polo outro mantense o teito de gasto no capítulo I. Tal e como ela di graficamente, é como inflar un globo dentro dunha caixa. Porén, critica tamén a repartición interna do gasto dentro da UDC: reclama máis gasto social, non só para o PAS.

O **vicerreitor** responde que el só é optimista no que di respecto ao contraste entre onde estabamos e onde estamos. Ao comezo de 2017, lembra, estabamos cun fondo estrutural de 63,21 M€ e agora contamos con 70,14 M€. Non se pode ser optimista nun contexto tan restritivo, mais estamos mellor que hai un ano. Alén do máis, chama a atención sobre a melloría da UDC nos complementos retributivos e sobre que a UDC non xera débeda. En calquera caso, o que a UDC reclama da Consellaría de Facenda é unha modificación do sistema de cálculo. Estamos mellor que hai un ano, mais o futuro segue a ser incerto.

Toma a palabra o **reitor** para dicir que o optimismo ou o pesimismo depende do punto de partida que se tome. Comparado con xaneiro de 2017, logrouse mudar a tendencia e o cálculo do fondo estrutural do PFSUG, convencendo a Xunta da inxustiza do cálculo anterior. E isto fíxose de acordo coas outras dúas universidades do SUG. Agora —continúa— logramos que os resultados non supoñan un sacrificio do fondo estrutural. E todo isto é resultado do esforzo negociador da UDC reforzado coa sentenza do PFSUG. Estamos lonxe do óptimo. Mais agora xa contamos cunha ferramenta para mellorar: financiamento por crédito matriculado. O que toca é convencer a Xunta de que o conxunto do sistema está infrafinanciado. Os fondos para investimento e proxectos son importantes, mais non financian estrutura. O decisivo é o fondo estrutural e que o tamaño do bolo no seu conxunto medre. Melloramos: por iso temos máis recursos para investimentos, centros e departamentos. E o incremento do gasto corrente é vexetativo. Manifesta o seu acordo coa intervención de Nuria Vieira. É por iso, acrecenta, que temos que ser capaces de xestionar o cadro de persoal de forma que poidamos facer política de persoal. Mais neste momento non temos marxe. Optimismo si, mais non satisfacción plena. E, sobre todo, manter o rigor.

As propostas foron aprobadas con 32 votos a favor e 2 abstencións segundo figuran no **anexos VI.I e VI.II**

7. Proposta de convocatoria de prazas de PDI laboral contratado

Presentada polo **vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente**, foi aprobada por unanimidade conforme figura no **anexo VII** da presente acta.

8. Proposta de autorización de licenzas de PDI

Presentada a proposta que figura como **anexo VIII** polo **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente**, foi aprobada por unanimidade.

9. Proposta de aprobación dos regulamentos de réxime interno dos Departamentos de Enxeñaría Industrial - Departamento de Enxeñaría de Computadores e Departamento de Economía

Presentada polo **secretario xeral** foron aprobados por unanimidade segundo figuran nos **anexos IX.I, IX.II e IX.III**

10. Quenda aberta de intervencións

Intervén en primeiro lugar o profesor Miguel Muñoz para pedir que se estude o peche dos centros durante o Nadal e o mes de agosto para aforrar en calefacción e electricidade.

A seguir, intervén **Fernanda Miguélez**, achegando o texto que a seguir se reproduce de forma literal:

“En relación con la solicitud de deslocalización del área de Física de la Materia Condensada (FMC) de la que soy único profesor desde que gané la plaza en el año 1992 (hace 25 años), y tras leer el acta de la sesión en la que se decide negar esa petición, me gustaría puntualizar:

- *mi área imparte TODA su docencia de grado en la ETS de Náutica y Máquinas y por lo que concierne a la investigación, trabajo con diferentes grupos de varios centros y en especial de la Escuela de Náutica. Además, soy en la actualidad la directora del Instituto Universitario de Estudios Marítimos, donde llevo trabajando casi 20 años.*
- *Si no hubiera sido con la aprobación in pectore del vicerrector de profesorado, yo nunca hubiera hecho la solicitud formal de cambio de departamento.*
- *Cuando se aprobaron los nuevos departamentos, en este mismo Consello de Goberno el Vicerrector dijo públicamente que se podrían hacer cambios puntuales y creo que por eso me indicó que esperase a que finalizara el proceso de constitución de los nuevos departamentos para realizar el cambio.*
- *Mi solicitud ha sido razonada y MOTIVADA, tiene el informe favorable del departamento de acogida y el no favorable del departamento de salida porque el área de FMC "debe pertenecer a aquel departamento que englobe a mayoría dos docentes de Física, que no caso da UDC é o Departamento de Física e Ciencias da Terra. Por tanto consideramos que non debe ser trasladada a outro Departamento, e moito menos quedar duplicada en dous departamentos". Este informe de salida desfavorable, da unas razones bastante carentes de fondo real: si están la mayoría es porque ya hay otros que no están, y en ningún caso el área quedaría duplicada. Además, no intenta de ningún modo corregir los motivos por los que parece razonable que el área salga del departamento en el que está.*

A la vista de esta situación, la COAP entiende que es mucho más beneficioso para la UDC que el área de FMC comparta departamento con las áreas de Edafología e Química Agrícola, Paleontología, Geodinámica Externa y Física Aplicada, en lugar de las áreas de Astronomía y Astrofísica, Ciencias y



Técnicas de la Navegación y Máquinas y Motores Térmicos. Ninguno de los dos departamentos llega al número mínimo de profesores que se incluyen en los criterios de racionalización. El departamento de la ETS de Náutica es UNICO en la Escuela mientras que el Departamento de Física y Ciencias de la Tierra es el tercero de la Facultad de Ciencias.

¿Quizás lo que quiere decir el profesor Canle en su intervención documentada en el acta del Consello de Gobierno anterior es que la Anep ve mejor a FMC con Edafología y Química Agrícola, Paleontología o Geodinámica Externa que con Astrofísica y Maquinas y Motores Térmicos? ¿O quizás que en el área de Física Aplicada hay ya más licenciados en química que en física y por eso esa área ha quedado en un departamento de la Facultad de Ciencias, sin cumplir mínimos? Como el profesor Canle sabe muy bien, de los 15 profesores del área solo 7 son licenciados en física y 4 de estos 7 tienen 60 o más años.

Finalmente, este Consello de Gobierno opina y decide, pero yo me pregunto:

*¿Que van a hacer el decano de la Facultad de Ciencias, el de Fisioterapia y los directores de la Escuela Politécnica de Serantes y las Escuelas Universitarias de Arquitectura Técnica y Diseño Industrial, que según la normativa vigente, deben dar posibilidad de encargo a un mínimo de 3 áreas de conocimiento para la impartición de materias básicas? En el caso de sus “físicas de primero” y con la desaparición del área de electromagnetismo, muerta recientemente en mi actual departamento, todos ellos están **incumpliendo** la normativa.*

Supongo que ese posible encargo recaería en Física Aplicada, Física de la Materia Condensada y la tercera, desconozco cuál elegirán de entre las restantes áreas del departamento; ¿Edafología y Química Agrícola, Paleontología, o Geodinámica Externa? O quizás deberían decantarse por áreas como Astrofísica, Ingeniería mecánica, o Máquinas y Motores térmicos, por poner un ejemplo, pues son áreas en las que hay muchos licenciados en física pero que están en otros departamentos.

Indicar que en Náutica, ya se ha hecho tal elección, incluyéndose el área de máquinas y motores térmicos.

Me preocupa especialmente que no se ha hecho mención en ningún momento a la intención de resolver uno de los principales motivos por los que se solicita el cambio (la desaparición inminente de mi área de conocimiento) ni por parte del departamento, ni por la COAP, ni por este Consello de Gobierno.

Agradezco a todos el trabajo realizado y solicito que se me de una contestación razonada por escrito en la que, POR FAVOR, se dé respuesta, de alguna manera, también en base a los motivos expuestos en la solicitud”.

Nona Inés Vilariño, logo de mostrar a súa satisfacción polo desenvolvemento do Campus Industrial de Ferrol, manifesta a súa inquedaanza porque este éxito poida supor a relegación das humanidades e das ciencias sociais. Sen se opor á

especialización, considera que todos os campus deben ter espazo para as humanidades e as ciencias sociais. Di que gustaría de coñecer, cando existan, como van os estudos para a implantación dos novos graos. Avoga pola creación dunha cátedra de estudos xurídicos e sociais do menor.

Teresa López, respecto da convocatoria da Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria para apoiar a actividade de centros e asociacións, di que até agora para organizar conferencias se solicitaba que estas fosen apoiadas por un departamento. O que acontece é que, se estas bases non se modifican, moitas conferencias non se poderán realizar porque as axudas se limitan a unha por departamento. Por outro lado, canto aos gastos en protocolo na UDC (300€/ano para cada departamento) di que hai moitas dificultades para o facer efectivo xa que desde a Intervención – é só un exemplo – para un gasto de 754€ en 10 figuras de Sargadelos para agasallar a conferenciantes, solicitan que se comuniquen os nomes e apelidos das persoas que as van recibir.

Nuria Vieira intervén para manifestar «Non coñezo en concreto o caso a que fai referencia Teresa López das *figuriñas de Sargadelos para agasallar conferenciantes dos que non se presentan datos*, pero entendo que o Servizo de Intervención fiscaliza todos os expedientes segundo a normativa. En todo caso, deberían esixirse responsabilidades ao Servizo de Intervención se non fiscalizase, xa que esa é a súa función».

O **reitor** intervén referíndose, en primeiro lugar, á intervención de **Teresa López** para manifestar o seu acordo con ela, indicando que é preciso convencer a Intervención de que se debe centrar no importante. Isto é, mantendo o cumprimento da normativa, o foco debe ser colocado no importante (intervén **Teresa López** para sinalar que é imposible facer o gasto indicando a persoa, atendendo os prazos cos que funciona a Universidade). Mais isto, sinala o reitor, aplícase non só á UDC, lembra como na auditoría dun proxecto de 60 000 € se reclamaron, por falta de xustificación, 1,2 € por medio dunha resolución de 14 folios.

Canto á taxa de reposición, esta é igual para o PDI e o PAS: o 100 %. No caso do PDI a aplicación flexibilizouse porque, a diferenza do que acontece co PAS, non hai promoción interna.

Sobre o peche de centros sinala que hai un problema co disfrute das vacacións. As universidades que fixeron un estudo pormenorizado dos custos concluíron que o aforro é relativo. En calquera caso, o acordo de peche pódese alcanzar a nivel de cada centro, mais non para toda a universidade.

Sobre o Campus Industrial de Ferrol, indicou que xa inclúe os estudos de humanidades e os estudos xurídico-sociais (relacións laborais). Tanto humanidades como biblioteconomía e documentación xa teñen unha solución para os novos graos: documentación dixital, moda e un novo grao –estamos a traballar niso– que substitúa o grao actual.



A **vice-reitora do Campus de Ferrol e de Responsabilidade Social, Araceli Torres Miño** lembra que algo xa se fixo: a creación do Centro de Investigación en Filosofía da Ciencia, dentro da Facultade de Humanidades e Documentación.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o reitor remata a sesión ás 12:10 h, do que eu, como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

O secretario xeral

Carlos Aymerich Cano

O presidente

Julio E. Abalde Alonso